

BALANCE DE CC OO DAS ELECCIÓNS SINDICAIS DO PAS-L 2003

Unha vez publicados os datos definitivos das eleccións sindicais PAS-laboral 2003, CC OO quere amosar o seu agradecemento a tódolos traballadores e traballadoras que votaron polos nosos candidatos e candidatas. Este apoio ven a ratificar a nosa liña de acción sindical e nos compromete a seguir traballando na mesma dirección para defender os intereses de todo o colectivo laboral.

Os resultados acadados veñen a confirmar o ascenso continuo de CC OO que, tras gañar seis delegados/as, é o sindicato que máis crece, de tal xeito que, non só consolida os tres que xa tiña, senón, que obtén tres dos catro que amplían o Comité de Empresa da provincia de Pontevedra (de nove pasou a trece). Esta progresión non foi maior debido á imposibilidade de presentar listas en Ourense.

Analizando polo miúdo os datos, de novo CC OO volve a ser o sindicato máis votado no Campus de Vigo, tal e como xa ocorrera no ano 1999. Con respecto ás eleccións anteriores CC OO sube globalmente, un 4,11 %, o sindicato que máis sube, malia, como xa apuntamos, a imposibilidade de sumar os posibles votos de Ourense.

O resultado global deste proceso é que no Comité de Empresa de Ourense hai un sindicato que ten maioría absoluta, a CIG, e que no Comité de Empresa de Pontevedra ningún sindicato ten dita maioría, sendo preciso pactar para elixir os cargos. O número de traballadores/as que aporta cada provincia non é o mesmo, sendo máis de 6 veces superior os/as que corresponde a Pontevedra. No cómputo global de delegados/as de ámbolos dous Comités a CIG obtén 9, CC OO obtén 6, e UGT obtén 3.

Para resolver o problema de varios comités dentro da mesma empresa a lei establece a posibilidade de constituír un comité intercentros, sempre e cando estea pactado por convenio. O Iº Convenio Colectivo da Universidade de Vigo, si recolle, no seu artigo 11 esta posibilidade e enumera unha serie de competencias mínimas.

Na anterior etapa, unha vez acordado que ía existir o Comité Intercentros, intentamos crear un xeito distinto de goberno dentro deste órgano, no que se potenciara a participación activa dos tres sindicatos. Este sistema funcionou, con bos resultados, na resolución de problemas importantes que beneficiaron a unha parte importante do colectivo o e fracasou noutros momentos debido sobre todo a desconfianza que se deu entre os sindicatos minoritarios e o sindicato que posuía a maioría, unha vez que este último, saltándose normas éticas básicas, favoreceu que membros da súa candidatura tiveran “facilidades” para conseguir determinadas prazas. Este clima de enfrontamento impediu que se aproveitara a sinerxía posible da colaboración e traballo conxunto dos tres sindicatos.

O período que se vai a iniciar tras a constitución dos respectivos Comités de Empresa ten que ter en conta a experiencia acumulada nestes últimos catro anos e poñer en marcha as medidas correctoras oportunas para que non se repitan os problemas da etapa anterior. É a nosa intención poñer todos os nosos recursos, humanos e sindicais, a traballar para darlle solución os distintos problemas que temos por resolver, mais, para

que non volvamos a caer nos erro do pasado, condicionaremos a nosa participación o cumprimento dos seguintes puntos:

1. Dotar os órganos de representación dun código ético de comportamento sindical de obrigado cumprimento para todos os delegados e delegadas.
2. Establecer os mecanismos que permitan o acceso á información (sobre todo a chega a través da empresa) en igualdade de condicións evitando o posible beneficio de quen ostenten a presidencia ou teña a maioría.
3. Pactar un programa de actuación, e a estrutura necesaria para levalo acabo, para os próximos catro anos onde se incluían, ademais dos temas comúns dos programas electorais, aqueles outros que, ou ben, arrastramos da etapa anterior, ou, pola súa importancia, é necesario introducir nesta nova andaina.

Estes documentos e acordos faríanse públicos no seu momento e para que estiveran sempre ó alcance de quen quixera consultalos, incluíríanse na web do comité.

Sección Sindical de CC OO